

PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA




CURSO 2023-24



Introdución

O centro decidiu orientar dito plan a subsanar posibles debilidades e desigualdades que poidan afectar con maior significatividade ao seu alumnado. Neste contexto, centramos os nosos esforzos nos nenos e nenas que se atopan en situación de risco social por diferentes motivos: problemas de afectividade no fogar, dificultades económicas da familia, carencias na estrutura familiar etc.



Análise do contexto



Tomamos como referencia a experiencia e os datos recollidos no noso centro durante os últimos anos respecto a posibles necesidades do alumnado. Así, podemos atopar varias familias que poderían precisar dun asesoramento mais específico que lle axude a solventar ditas dificultades. Para iso, pedimos a colaboración de todalas titoras e titores do centro para que rexistren na súa aula aqueles casos que lles resulten preocupantes ou que crean que o seu alumnado se poida atopar desfavorecido no contexto educativo.

Obxectivos

- **Analizar aquelas situacóns escolares que poidan supoñer un risco para o alumnado.**
- **Establecer medidas de actuación para subsanar as posibles desigualdades que poidan xurdir.**
- **Proporcionar ferramentas e asesoramento que axude a mellorar dita problemática.**
- **Avaliar se as medidas adoptadas foron eficaces e suficientes.**
- **Mobilizar e implicar a comunidade educativa, concello e familias para lograr unha resposta mais satisfactoria e adaptada.**



Indicadores

- **Existe unha implicación de toda a comunidade educativa**
- **As medidas adoptadas respondan as necesidades dos cativos/as**
- **Préstase atención a todos los casos que se atopan en situación de risco social**



Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan

A organización de dito plan constará de diferentes etapas de desenvolvemento.




1. Seguimento:

Será a través da colaboración entre os/as metres/as do centro, o D.O., e o coordinador do equipo de Benestar. Recollerase información relativa ao alumnado do actual curso educativo 2023/24 incidindo naqueles aspectos aos que vai dirixido o plan.



2. Avaliación:

Realizarase unha avaliación durante o transcorrer do curso educativo que permita realizar accións oportunas ante as novas situacións que se presenten así como tamén unha avaliación final do plan coa que poder analizar que aspectos requieren de mellora e cales foron realmente efectivos. Aquí teremos en conta elementos como: a coordinación entre as institucións, o grao de consecución dos obxectivos, ou a efectividade do plan entre outros.



3. Modificación do plan:

En función da avaliación realizada anteriormente modificaranse aqueles aspectos que foron susceptibles de mellora ou engadiránse novas propostas que puideron xurdir durante o desenvolvimento do mesmo.

Para a elaboración deste plan, tivemos en conta a literatura existente de autoras como: Magdalena Gómez Díaz ou María Soledad Delgado Gómez.

Ao longo longo do mesmo tamén se poden atopar algúns recursos a través do escaneo dos códigos QR existentes.

CRA Raiña Aragonta

Rúa Rosalía de Castro, 11, 36470
Salceda de Caselas,
Pontevedra.

TLF: 634153000

Centro Rural Agrupado de 14
unidades.

Total alumnado: 194

